


# **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**

**CPR PLURILINGÜE VALLE-INCLÁN 1**



Data de aprobación polo Claustro e Consello Escolar do Centro	30/06/2023
Data da 1ª modificación	14/10/2024

<b>1. XUSTIFICACIÓN .....</b>	<b>pax 5</b>
<b>2. OBXECTIVOS XERAIS .....</b>	<b>pax 5</b>
<b>3. AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR .....</b>	<b>pax 6</b>
<b>3.1 Comunidade educativa</b>	
<b>3.2 Equipo directivo</b>	
<b>3.3 Claustro de profesorado</b>	
<b>3.4 Consello Escolar</b>	
<b>3.5 Comisión de convivencia</b>	
<b>4. DEREITOS E DEBERES .....</b>	<b>pax 9</b>
<b>4.1 Dereitos e deberes do alumnado</b>	
<b>4.2 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores</b>	
<b>4.3 Dereitos e deberes do profesorado</b>	
<b>4.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos</b>	
<b>5.- NORMAS ACADÉMICAS .....</b>	<b>pax 16</b>
<b>6.- NORMAS DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>pax 17</b>
<b>6.1. Normas básicas de convivencia</b>	
<b>6.2 Cumprimento das normas de convivencia</b>	
<b>7.- EDUCACIÓN INFANTIL .....</b>	<b>pax 19</b>
<b>7.1 Normas de organización e funcionamento</b>	
<b>7.2 Normas de orde persoal e hixiene</b>	
<b>7.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos</b>	
<b>7.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais</b>	
<b>7.5 Normas referidas ao traballo</b>	
<b>7.6 Condutas contrarias ás normas de convivencia en Ed. Infantil e a súa corrección</b>	
<b>7.6.1 Medidas correctivas para os distintos tipos de faltas</b>	

<b>8.- EDUCACIÓN PRIMARIA .....</b>	<b>pax 22</b>
<b>8.1 Normas de organización e funcionamento</b>	
<b>8.2 Normas de orde persoal e hixiene</b>	
<b>8.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos</b>	
<b>8.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais</b>	
<b>8.5 Normas referidas ao traballo</b>	
<b>8.6 Conduas contrarias ás normas de convivencia en Ed. Primaria e a súa corrección</b>	
<b>8.6.1 Tipificación das faltas</b>	
<b>8.6.2 Medidas correctoras</b>	
<b>9.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....</b>	<b>pax 33</b>
<b>9.1 Normas de organización e funcionamento</b>	
<b>9.2 Normas de orde persoal e hixiene</b>	
<b>9.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos</b>	
<b>9.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais</b>	
<b>9.5 Normas referidas ao traballo</b>	
<b>9.6 Conduas contrarias ás normas de convivencia en Ed. Secundaria e a súa corrección</b>	
<b>9.6.1 Tipificación das faltas</b>	
<b>9.6.2 Medidas correctoras</b>	
<b>9.6.3 Concreción das faltas e medidas correctoras</b>	
<b>10.- FALTAS DE PUNTUALIDADE .....</b>	<b>pax 43</b>
<b>10.1 Faltas de asistencia</b>	
<b>11.- PRESCRICIÓN DAS CONDUAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA .....</b>	<b>pax 44</b>
<b>12.- MEDIDAS CORRECTORAS .....</b>	<b>pax 44</b>
<b>12.1 Circunstancias atenuantes e agravantes</b>	

12.2	Responsabilidade e reparación dos danos	
13.-	PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS ...	pax 46
13.1	Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	
13.2	Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.	
14.	DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE INCIDENCIA .....	pax 48
15.	REALIZACIÓN DE TAREFAS EN DÍAS DE SUSPENSIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA A CLASE .....	pax 48
16.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	pax 49
16.1	Normas xerais	
16.2	Obrigacións por parte do alumnado participante	
16.3	Medidas correctoras durante a realización de actividades extraescolares e/ou complementarias	
16.4	Prohibición de participar en actividades extraescolares e/ou complementarias	
16.5	Responsabilidade e liberdade dos Profesores organizadores	
17.-	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE FOLGA DO ALUMNADO .....	pax 54
18.-	PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN EN SUPOSTOS DE SEPARACIÓN DOS PROXENITORES.....	pax 55
19.-	DECLARACIÓN FINAL .....	pax 57
20.-	ANEXOS .....	pax 57

## **1.- XUSTIFICACIÓN**

De conformidade co Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG 26.01.1999), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios, coa Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/199 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios (DOG 2.11.2000) que o completa, coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e co Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve as Lei 4/2011, redáctase as presente Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do CPR Plurilingüe Valle Inclán 1.

O NOF son un conxunto de normas na que se concretan os dereitos e deberes do alumnado, dos pais e do profesorado e onde se establecen as normas de organización e funcionamento do Centro, entre as que figuran aquelas que garantan o cumprimento do Plan de Convivencia.

Este documento ten carácter flexible e aberto, está adecuado ás etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, por tanto, será susceptible de cantas modificacións, variacións, ampliacións ou revisións sexan necesarias.

As normas de convivencia recollidas no NOF terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Son normas de convivencia de carácter educativo e contribuirán a crear o adecuado clima de respecto, así como de responsabilidade e esforzo na aprendizaxe, necesarios para o funcionamento do noso Centro.

O NOF foi elaborado coa participación efectiva de todos os sectores da Comunidade Educativa. E logo conxuntamente nun Claustro reflíctanse as normas de convivencia cuxa finalidade última é a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais.

O resultado final é un documento, aprobado polo Consello Escolar do Centro, cuxa finalidade é sensibilizar a todos os membros da Comunidade Educativa para que sexan partícipes das normas de convivencia, xa que se estableceron e proporcionaron canles para que toda a Comunidade Escolar participe no funcionamento do Centro.

Logo da súa aprobación, as normas de convivencia do Centro serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no Plan de Convivencia do Centro. O equipo directivo do centro, o Claustro e o Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas. O equipo directivo do Centro realizará as actuacións necesarias para difundir o NOF e as normas de convivencia na comunidade educativa.

## **2.- OBXECTIVOS XERAIS**

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de

aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon ao dispor do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado. Fomentar o desenvolvemento da personalidade do noso alumnado, a través dunha formación humana e integral, baseada no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais recollidos na Constitución.

### **3.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

#### **3.1. Comunidade educativa**

A Comunidade Educativa está constituída polo alumnado, profesorado, pais e nais ou titores legais do alumnado e polo persoal de administración e de servizos.

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do Centro.

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas.

#### **3.2. Equipo directivo**

- Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Colaborar na elaboración do plan de convivencia do Centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste.

b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

- A Directora terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

a) Garantir as condicións para que exista no Centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.

c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

d) Velar pola realización das actividades programadas dentro do Plan de Convivencia do Centro.

e) Resolver os conflitos escolares e impoñer as sancións que corresponda ao alumnado, sen prexuízo das competencias que se lle atribúen directamente ao Profesorado e as que están reservadas ao Consello Escolar.

- Á Xefatura de Estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do Centro. A Xefatura de Estudos é a responsable directa da aplicación das normas de convivencia e da disciplina escolar. Deberá levar control das faltas do alumnado cometidas contra as citadas normas e das sancións impostas e deberá informar delas, periodicamente, aos país/nais ou titores/as.

b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.

c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no Centro.

d) Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspende o dereito de asistencia á clase.

### **3.3 Claustro de profesores**

O Claustro de Profesores deberá ser informado das normas de convivencia e das actividades incluídas no Plan de Convivencia. Así mesmo, coñecerá a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velará porque estas se atean á normativa vixente. O claustro terá as seguintes funcións:

a) Exercer a autoridade sobre os seu alumnado, tendo o dereito e o deber de facer respectar as normas de convivencia establecidas no Centro e corrixir aqueles comportamentos que sexan contrarios ás mesmas, de conformidade co disposto no NOF.

b) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

c) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no

desenvolvemento do plan de convivencia.

d) Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Corresponde ao Profesorado-Titor valorar a xustificación das faltas de asistencia do seu alumnado, fomentar a participación destes nas actividades programadas dentro do Plan de Convivencia e manter o necesario contacto coas familias a fin de que se cumpran os obxectivos do devandito Plan.

### **3.4 Consello Escolar**

O Consello Escolar é o encargado de aprobar o NOF e o Plan de Convivencia do Centro, garantindo que na súa elaboración participasen todos os sectores da Comunidade Educativa, así como que as normas de convivencia establecidas adecúense á realidade do centro educativo.

Corresponde ao Consello Escolar do Centro coñecer a resolución de conflitos disciplinarios, velar polo correcto exercicio dos dereitos e cumprimento de deberes do alumnado e porque a resolución de conflitos aténase á normativa vixente, realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro e propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

### **3.5 Comisión de convivencia**

A través do Consello Escolar do Centro constituirase a Comisión de Convivencia. Formarán parte da comisión de convivencia a Directora, a Xefatura de Estudos, a xefa do Departamento de Orientación, un profesor/a de cada etapa educativa, un representante do persoal de administración e servizos, un pai/nai do alumno/a e un alumno/a. Será presidida pola Directora.

A comisión de convivencia as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propoñer á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do



equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro.

#### **4.- DEREITOS E DEBERES**

Os dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa están encamiñados a propiciar un clima de responsabilidade, traballo e esforzo que permita ao alumnado obter os mellores resultados do proceso educativo e adquirir os hábitos e actitudes que lles permitan un desenvolvemento equilibrado, responsable e libre.

Para iso, respectando o disposto na lei, o NOF desenvolve, concreta e adapta os dereitos e deberes declarados ás condicións específicas do noso Centro, ao seu Proxecto Educativo e ás necesidades propias das idades e madurez persoal do alumnado.

Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a respectar estes dereitos e a cumprir os deberes correspondentes.

##### **4.1 Dereitos e deberes do alumnado**

TEÑEN DEREITO:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo. Isto esixe unha xornada escolar acomodada á idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.

b) A que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoal.

c) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas.

d) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes ou que supoñan menosprezo.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

f) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

g) A recibir a asistencia académica precisa en caso de accidente ou enfermidade prolongada.

h) A utilizar as instalacións do Centro, sempre que a programación educativa permita e tomando as precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas e a conservación dos recursos.

i) A que o seu rendemento académico sexa avaliado con plena obxectividade. Para iso a comunicación entre o profesorado, o alumnado e os seus representantes legais deberá ser fluída.

k) A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.

l) A elixir os seus representantes e delegados de grupo en Educación Secundaria Obrigatoria.

TEÑEN O DEBER DE:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no Centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

O alumnado debe manter unha actitude correcta en clase, non permitíndose o uso de móbiles, outros dispositivos electrónicos ou calquera obxecto que poida distraer ao propio alumnado ou aos seus compañeiros/as.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do Centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

O alumnado debe respectar o Proxecto Educativo do Centro, así como o carácter propio do mesmo.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.

Os alumnos deben:

- Coidar e utilizar correctamente os bens inmoables e as instalacións, así como as zonas axardinadas e respectar as pertenzas dos outros membros da Comunidade Educativa.
- Os edificios, instalacións e material do Centro son de uso colectivo e deben ser respectados, con verdadeira conciencia cívica, por todas e cada unha das persoas pertencentes ao mesmo.
- Coidar a limpeza e evitar lanzar ao chan calquera tipo de obxectos ou desperdicios, sendo os aseos obxecto de coidado especial.

f) Intervir, a través dos leitos regulamentarios, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase e aos actos programados polo Centro con puntualidade e co material

preciso.

É deber do alumnado:

- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro. A asistencia a clase e a puntualidade son esenciais para a formación desexada e por tanto constitúen un deber ineludible para todos.
- Traer diariamente a clase o material esixido para o desenvolvemento normal das actividades. Non se poderá traer material que interfira no transcurso normal das clases.

i) Responsabilizarse dunha adecuada utilización e estado de uso do uniforme escolar.

#### **4.2 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores**

TEÑEN DEREITO A:

- a) A que os seus fillos/as reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en consonancia cos fins establecidos na Constitución, na Comunidade Autónoma e nas leis educativas.
- b) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- c) A solicitar aclaracións sobre a información e valoracións recibidas respecto a o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións adoptadas polo profesorado, a través das titorías.
- d) A solicitar acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados (exames, rúbricas, etc.) que serviron para a valoración do alumno/a.

Procedemento para a obtención da copia:

1. A solicitude de copia deberase realizar por escrito, utilizando o formulario específico que se atopará dispoñible na Secretaría do centro ou na páxina web do mesmo.

O escrito deberá incluír:

- Nome da persoa solicitante.
- Nome do alumno/a.
- Curso e materia correspondente.
- Motivo da solicitude.
- Data da solicitude.

2. Entrega de Solicitudes: En persoa, na Secretaría do centro, onde se selará unha copia para a persoa interesada, asegurando que se rexistrou correctamente a recepción.

3. Prazo de Resposta: A persoa titora ou o profesorado terán un prazo de 10 días hábiles para facilitar a copia requirida. Os instrumentos poden facilitarse en formato físico ou dixital, segundo o que se acorde co solicitante.

4. Competencia para Establecer o prazo: A persoa titor/a, en función das circunstancias específicas de cada caso, poderá establecer prazos adicionais para a entrega de

documentos ou aclaracións, sempre que se xustifique adecuadamente a necesidade da devandita extensión.

5. Seguimento: En caso de non recibir resposta no prazo establecido, o solicitante poderá dirixirse á dirección do centro para facer seguimento da solicitude.

e) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia do Centro, así como a ser informados sobre as normas de organización e funcionamento do mesmo (actividades, calendario escolar, uso do uniforme...)

f) A ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

g) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

h) Ter un ambiente escolar onde os seus fillos/as séntanse seguros e apoiados na súa aprendizaxe.

i) Elixir os seus representantes no Consello Escolar e participar a través deles nas decisións que a este competen.

TEÑEN O DEBER DE:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co Centro.

b) Cooperar coa Dirección do Centro e o Profesorado realizando un seguimento moi próximo do traballo e progreso dos seus fillos/as ou pupilos/as e colaborando co Profesorado.

c) Colaborar cos Titores/as dos seus fillos/as ou pupilos/as, facilitando a información que soliciten a fin de asegurar a debida coordinación no proceso educativo.

d) Coñecer as normas establecidas polo Centro, respectalas e facelas respectar.

e) Coñecer, aceptar e respectar o modelo educativo do Centro tal como está definido no seu Proxecto Educativo e nas normas contidas no presente NOF, ambos aprobados polo Consello Escolar.

f) Respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

g) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

h) Colaborar co Centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Os pais/nais –titores/titoras deben asumir a responsabilidade que xere a conduta do seu fillo/a ou pupilo/a, sempre que o alumno/a actúe en contra das indicacións do Profesorado ou das normas contidas neste NOF, debendo comparecer no Centro cando sexa requirido, para ser informados e oídos como requisito a unha posible acción correctora sobre o alumnado.

- i) Responsabilizarse da asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ao Centro, así como recollelos/as á hora establecida.
- k) Explicar ao Centro responsablemente as faltas de asistencia dos seus fillos/as para a súa xustificación, se procede.
- l) Recoller ao alumno/a o máis axiña posible cando se lles comunique que ten febre ou se atopa enfermo/a durante a xornada escolar.

### **4.3 Dereitos e deberes do profesorado**

#### TEÑEN DEREITO:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

O Profesorado recibirá apoio por parte do Equipo Directivo do Centro, que velará para que reciba o trato, a consideración e o respecto que lle corresponden conforme a importancia social da tarefa que desempeña.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.

O Profesorado ten potestade para tomar decisións rápidas, proporcionadas e eficaces, de acordo coas normas de convivencia do Centro, que lle permita manter un ambiente adecuado de estudo e aprendizaxe durante as clases, nas actividades complementarias e extraescolares, tanto dentro como fóra do recinto escolar e os país/nais ou titores/as do alumnado deben colaborar co profesorado para o cumprimento das normas de convivencia.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

#### TEÑEN O DEBER DE:

a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do Centro.
  - c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
  - d) Facilitar, en coordinación co/a titor/a, información ás nais e pais ou ás titoras ou titores, sempre que se considere necesario ou estas requíranlo, sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa das súas fillas ou fillos, cumprindo os deberes de dispoñibilidade dentro do horario establecido no Centro para a atención a aqueles ou na súa falta noutra hora, previo acordo entre as partes.
  - e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
  - f) Gardar a discreción necesaria sobre calquera circunstancia excepcional da vida privada do alumnado e da súa contorna familiar, cando ese coñecemento derívese do propio desempeño da función docente.
  - g) Preocuparse pola boa marcha do Centro e colaborar nas actividades docentes e complementarias que se programen colectivamente.
  - h) Acordar co alumnado e anunciar as datas dos exames, probas de avaliación, cun mínimo razoable de antelación, mostrar os exames e outras probas corrixidas e proporcionar as aclaracións oportunas sobre as cualificacións.
  - i) Ser puntuais nas entradas e saídas.
  - k) Asistir a clase puntualmente e permanecer na mesma ata a súa finalización, conforme o horario establecido.
- O profesorado abandonará a aula tras a saída de todo o alumnado nas sesións lectivas anteriores aos recreos e nas últimas sesións dos períodos lectivos da mañá e da tarde, debendo comprobar que se apagan as luces e que se peche a aula. Cando o alumnado teña clase nalgún aula diferente á propia do grupo, o profesorado deberá facilitar que poidan recoller ou gardar o material que precisen na súa aula. Ao mesmo tempo, controlará que o alumnado deixe as aulas ordenadas tanto entre clases como ao final da xornada.
- l) Manter baixo a súa atención, durante todo o tempo da clase, a todo o alumnado que teña encomendado. Procurar, como norma xeral, que ningún alumno/a saia da aula ata que finalice o período lectivo.
  - m) Asistir puntualmente a todas aquelas reunións ás que sexa convocado polo profesorado titor, xefaturas de departamento ou polo Equipo Directivo (reunións de equipo, comisións, xuntas de avaliación, claustros, cursos de formación).

O profesorado asistirá a todas as xuntas de avaliación procurando dar solucións aos problemas que nelas xurdan.

n) Realizar o seu traballo conducente ao desenvolvemento dos obxectivos académicos co fin de conseguir o adecuado desenvolvemento do alumnado.

o) Coidar da correcta utilización das instalacións e do material do Centro.

p) Velar pola orde e limpeza das aulas e as zonas comúns, interiores e exteriores.

q) Cumprir as normativas, regulamentos e disposicións sobre ensino no ámbito da súa competencia.

r) Cumprir as directrices dos órganos de goberno do Centro, os acordos e normas aprobados polo Claustro e/ ou Consello Escolar do Centro no marco da lexislación vixente e acatar as resolucións tomadas polo seu respectivo Departamento.

s) Avisar, canto antes, da súa ausencia do Centro.

Cando as faltas de asistencia do profesorado sexan previstas deben comunicarse coa suficiente antelación e, na medida do posible, cada profesor procurará deixar actividades de carácter lectivo, que serán entregadas, ben na Xefatura de Estudos, ben ao docente que supla a súa ausencia.

t) Anotar no parte de faltas ou directamente en XADE a non asistencia a clase do alumnado.

u) O profesorado debe responsabilizarse da atención do alumnado sancionado por él, cando dita sanción implique a suspensión de algún tipo de dereito educativo. Anotar na aplicación da Administración Educativa as notas de avaliación para a súa entrega aos pais/nais ou tutores/as do alumnado.

v) Respetar aos membros da Comunidade Educativa sen facer discriminacións por razón ideolóxicas, morais, políticas, de raza, sexo ou relixión.

w) Garantir o respecto á dignidade persoal do alumnado e esixirlles o cumprimento dos deberes de estudo, puntualidade e aproveitamento do tempo.

x) Colaborar no mantemento do correcto comportamento do alumnado en todas as actividades programadas, tanto dentro do recinto escolar como fóra do mesmo.

y) O profesorado titor debe acompañar aos seus titorandos/as nas actividades programadas.

z) En caso de accidente fortuíto, o alumnado será atendido polo profesorado que estea máis preto, o cual tomará as medidas oportunas e avisará ao profesor/a-titor/a do alumno/a accidentado/a. (Cumprindo os pasos establecidos no protocolo do Centro)

Ao comezo do curso escolar, o profesorado-titor de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria manterá unha reunión cos pais/nais ou representantes legais do alumnado da súa titoría.

Utilizar de forma regular a plataforma dixital Abalar como medio de comunicación cos

pais/nais ou titores/as do seu alumnado.

#### **4.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos**

TEÑEN DEREITO (dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar):

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

TEÑEN O DEBER DE:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar ós responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto ás actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivese coñecemento.

#### **5.- NORMAS ACADÉMICAS**

a) A asistencia a todas as clases é obrigatoria. A asistencia a clase con puntualidade e a participación nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo constitúen un deber básico dos estudantes. A asistencia é obrigatoria para todo o alumnado, por tanto as faltas de asistencia a clase non xustificadas constitúen falta leve, podendo levar á apertura dun expediente de absentismo.

Os atrasos tamén constitúen falta. O Centro adoptará medidas especiais para garantir a puntualidade do alumnado.

b) O alumnado seguirá as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostraralle o debido respecto e consideración, tanto ao profesorado como aos compañeiros/as tendo en conta de maneira especial, o dereito ao estudo.

c) Calquera ausencia prevista dun alumno/a ten que ser comunicada se é posible, con antelación ao seu titor. Se a ausencia vai ser prolongada (por motivos xustificadas) deberá ser comunicada e aprobada por Xefatura de Estudos ou Dirección Técnica.



As faltas de asistencia por enfermidade, indisposición, etc. deben ser xustificadas por escrito ante o titor polos pais ou titores legais do alumnado no día da reincorporación do alumno/a ao Centro, utilizando o formato de comunicación "Solicitud de Xustificación" ou a través da plataforma dixital. quen finalmente xustifica as faltas é a Xefatura de Estudos que o delega na interpretación que os titores/as crean máis xusta e procedente, podendo non aceptar unha xustificación realizada cando se considere que o argumento empregado para a súa xustificación é inadecuado, reiterativo ou indocumentado.

d) O alumnado non pode abandonar o recinto escolar. Para facelo terá que ser acompañado polo pai/nai, titor/titora legal ou en aquela outra persoa adulta en quen delegue con autorización escrita e debidamente asinada.

e) Durante as clases non se poderá saír das aulas sen causa xustificada.

f) Entre clase e clase os alumnos permanecerán na aula gardando un comportamento correcto e coa porta aberta.

g) En caso de ausencia dun profesor/a o alumnado permanecerá dentro da aula coa porta aberta esperando a chegada do profesorado de garda encargado de cubrir a ausencia.

h) Se o alumno/a é expulsado ao corredor durante un período non superior a cinco minutos, o profesor/a deberá controlalo coa porta aberta. Se a expulsión implica a intervención do Equipo Directivo o alumno/a comparecerá ante Xefatura de Estudos, quen tomará as medidas pertinentes.

i) Naqueles casos en que os alumnos/as finalizasen un exame antes da hora de saída de clase, deben permanecer na aula.

k) Os boletíns de notas entregaranse a través de ABALAR unha vez finalizadas as avaliacións.

## **6.- NORMAS CONVIVENCIA**

As Normas de Convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para lograr:

- a. O crecemento integral da persoa.
- b. Os fins educativos do Centro.
- c. O desenvolvemento da Comunidade Educativa.
- d. O bo ambiente educativo e de relación no Centro.
- e. O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

### **6.1 Normas básicas de convivencia**

- a) respecto a toda a Comunidade Educativa.
- b) A asistencia ás clases é obrigatoria.

- c) Puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
- d) Corrección no modo de falar, xestos, posturas, actitudes... na relación con todos os membros da Comunidade Educativa.
- e) Limpeza nas instalacións e coidado do mobiliario e material de traballo. Os pupitres, as cadeiras e as paredes deberán estar limpas, sen escritos nin pintadas. Non tirar xices, papeis, comida... no chan.
- f) Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material do Centro.
- g) O alumnado absteranse para comer ou beber nas aulas e lugares de traballo, agás en Educación Infantil, nos primeiros cursos de Primaria, en ocasións especiais ou cando o tempo non permita sair aos patios exteriores.
- h) Non consumir substancias nocivas para a saúde (tabaco, alcol ou outro tipo de droga) no recinto escolar.
- i) Non usar teléfonos móbiles, smartwatches ou calquera outro dispositivo electrónico (que estarán apagados e gardados) dentro do recinto escolar. O Centro non se responsabilizará de ningunha perda ou roubo.
- k) O alumnado deberá mostrar as súas pertenzas a calquera membro do Equipo Directivo ou aos seus representantes, cando a ocasión así o requira.
- l) O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, que resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga á alumna ou alumno requirida á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado en xefatura de estudos coas debidas garantías, quedando ao dispor da nai ou pai ou da titora ou titor unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar (este o anterior sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder)
- m) Usaranse os servizos de primaria e secundaria tendo en conta a distinción por sexos. Na planta baixa hai habilitados seis aseos de uso indiscriminado para todo o alumnado, independentemente da súa condición de xénero.

## **6.2 Cumprimento das normas de convivencia**

- a) As normas de convivencia do Centro son de obrigado cumprimento para todo o alumnado, tanto dentro da aula como no conxunto do recinto escolar, facéndose extensivo ás saídas en grupo, con independencia de que a actividade en que estes participen realícese dentro ou fóra do horario lectivo.

b) O profesorado ten a responsabilidade de que se manteña, tanto na aula como no resto das instalacións docentes do Centro, o necesario clima de traballo para que o alumnado estude, traballe e aprenda.

c) Todo o profesorado que sexa testemuña dunha infracción das normas de convivencia establecidas, con independencia do lugar e do momento en que esta se produza, está obrigado a intervir para tentar resolver a situación exposta. Se a infracción ten a consideración de leve poderá impoñer unha das sancións previstas para tal faltas e se a infracción está tipificada como unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia informará de forma conveniente á Xefatura de Estudos do Centro.

## **7.- EDUCACIÓN INFANTIL**

### **7.1 Normas de organización e funcionamento**

a) Entradas e saídas do Centro:

É necesario, para o bo funcionamento do Centro e un proceso adecuado de aprendizaxe, que todos o alumnado acuda a este con puntualidade e de forma regular.

**ENTRADAS e SAÍDAS** (apartado correspondente)

AUTORIZACIÓNS:

- Só entregaranse os alumnos/as ás persoas que estean debidamente autorizadas.
- Cando algún alumno/a vaia ser recollido por unha persoa non autorizada previamente, a familia deberá comunicar por escrito esta circunstancia á titora, indicando o nome e DNI da persoa que o recolla. Só en casos moi excepcionais admitirase que esta comunicación se realice telefonicamente, e sempre que se poida constatar fidedignamente a identidade da persoa que realiza a chamada.

b) Non está permitido traer ao Centro xoguetes, dispositivos electrónicos ou obxectos de valor sen autorización da titora. Se os traen serán requisados polo titora da aula e devoltos ao finalizar a xornada escolar. O Centro non se fará responsable das posibles perdas.

c) O alumnado desprazarase ordenadamente polas dependencias do Centro.

d) Durante o recreo e o tempo de comedor, o alumnado non poden permanecer nas aulas, corredores nin escaleiras. É responsabilidade de cada profesor/a asegurarse de que todo o alumnado abandonase a clase.

e) Se por causas meteorolóxicas non é posible saír ao patio, o alumnado permanecerá no ximnasio, nas súas aulas ou no lugar adxudicado co profesor/a correspondente.

f) Os menos/as baixarán e subirán as escaleiras de maneira ordenada.

g) Durante o recreo, o alumnado de EI ocupará soamente as zonas reservadas para el.

h) Só se permite utilizar no tempo de recreo o material que achega ou autoriza o Centro.

i) Colaborar a que as dependencias do Centro, (patio, baños e aulas) estean limpas,

utilizando as papeleiras que teñen á súa disposición en todo momento.

k) Non se deixarán obxectos de valor nin diñeiro nas aulas. O Centro non se responsabilizará das perdas ou posibles furtos.

l) Non se permite ás familias realizar fotografías nin vídeos do alumnado dentro das aulas ou durante as actividades complementarias.

## **7.2 Normas de orde persoal e hixiene**

a) Uniformidade do Centro

O uso do uniforme escolar é obrigatorio. Esta norma foi aprobada polo Consello Escolar. O uniforme representa ao Centro. O seu uso evita distincións de tipo social ou ideolóxico. Levarase sempre con corrección, completo e limpo.

O uniforme debe axustarse ao modelo establecido polo Centro.

- O alumnado desta etapa asistirá a diario co modelo deportivo do centro facilitando deste xeito a súa autonomía. O modelo deportivo consta de:
  - Sudadera ou chaqueta de cremallera modelo colexio.
  - Pantalón chándal azul marino modelo colexio.
  - Camiseta azul marino con logo do colexio
- Empregarán mandilón modelo do colexio.
- Todas as pezas deben ir marcadas co nome, apelidos e curso do alumno/a, en lugar visible e de maneira que non se borre (bordado, rotuladores indelebles, etc.).

b) O Centro non se fai responsable das pezas extraviadas polos alumnos/as.

c) Manter unha correcta hixiene persoal.

d) Utilizar correctamente os lavabos, evitando tirar auga fóra e deixando os inodoros limpos despois do seu uso.

e) Manter limpo e ordenado o material e os utensilios propios.

f) Cumprir coas normas de funcionamento e educación dentro do comedor escolar.

## **7.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos**

a) O alumnado non deberá asistir ao Centro cando teña febre ou algún síntoma de enfermidade.

b) Non acudirán ao Centro en caso de enfermidade contaxiosa de ningún tipo; en caso de asistir avisarase aos familiares para que o recollan con moita brevidade. Deben permanecer na casa 24 horas, despois de ter febre.

c) Para aqueles alumnos/as que precisen un medicamento específico, os pais/nais ou representantes legais deixarán unha dose, que renovarán antes de a súa caducidade, depositada na clase.

d) O criterio xeral para a administración de calquera tipo de medicación debe ser responsabilidade da familia, sempre a partir da prescrición dun médico. É por iso polo que se roga ás familias fagan coincidir os momentos de administración de medicamentos fóra do horario escolar. No caso de que isto non sexa posible, só poderase administrar medicación atendendo ao seguinte procedemento:

- O pai e/ou a nai, ou o titor legal cumprimentará e asinará unha autorización que lles será facilitada polos titores na reunión inicial.
- Non se administrará ningún medicamento sen prescrición médica.
- A autorización debe ir acompañada da receita médica, a dose e o horario.
- No medicamento deberá constar claramente o nome e apelido do alumno/a.
- Os medicamentos entregaranse en man por un adulto ao profesor/a oude ser o caso ao responsable do servizo de madrugadores ao principio da xornada escolar. Nunca se entregarán vía alumno/a, mochila, etc.
- Os medicamentos non poden quedarse no Centro, fóra de casos concretos a pactar en tratamentos prolongados.
- Os medicamentos prescritos na autorización serán administrados pola profesora titora.
- CPR Plurilingüe Valle Inclán 1, forma parte do programa de ALERTA ESCOLAR da Consellería de Sanidade.

#### **7.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais**

- a) Respetar a integridade física e moral das persoas que forman a Comunidade Educativa.
- b) Respeto e trato adecuado tanto aos seus compañeiros como aos restantes membros da Comunidade Educativa.
- c) Tolerancia cara á diversidade e a non discriminación.
- d) Corrección no trato social, empregando unha linguaxe correcta e educada con calquera membro da Comunidade Educativa.
- e) Cumprir as indicacións do Profesorado e doutros membros da Comunidade Educativa.

#### **7.5 Normas referidas ao traballo**

- a) Manter unha actitude adecuada en clase.
- b) Dirixirse ao profesorado e compañeiros/as nun ton adecuado, evitando expresións mal soantes.
- c) Respetar o traballo dos compañeiros/as.
- d) Traer o material solicitado para a realización de tarefas na aula ou outras instalación do Centro.
- e) Realizar na casa as tarefas que se lle poidan pedir e traelas para a súa corrección no

tempo establecido.

- f) Respetar e manter en bo estado o material persoal e o alleo.
- g) Ter en conta e aplicar as normas dadas para o bo ambiente de traballo.
- h) Nas saídas extraescolares, manter unha actitude e un comportamento correcto.
- i) As comunicacións coa titora faranse preferentemente a través dos modelos establecidos de comunicación nais/pais-profesores/as, tamén para os especialistas e o departamento de orientación.

### **7.6 Condutas contrarias ás normas de convivencia en Ed. Infantil e a súa corrección**

Cando algún alumno ou alumna incorrese nalgunha conduta contraria á convivencia corríxase por parte da Titora e, fálase coa familia ou co Departamento de Orientación cando a Titora ou a familia estímeno necesario.

#### **7.6.1 MEDIDAS CORRECTIVAS PARA OS DISTINTOS TIPOS DE FALTAS.**

Corríxanse de acordo con algunhas das seguintes medidas recollidas neste NOF:

- a) Amoestación de forma oral ao alumno/a por parte da Titora.
- b) Comunicación de forma oral ou escrita aos pais/nais por parte da Titora.
- c) Só intervirán outros axentes educativos, como por exemplo a Coordinadora de Infantil ou o Departamento de Orientación, cando a Titora ou a Familia estímeno necesario.

## **8.- EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **8.1 Normas de organización e funcionamento**

- a) Entradas e saídas do Centro: (Apartado Correspondente )

AUTORIZACIÓNS:

- Alumnado de 1.º, 2.º e 3.º: só se entregarán os alumnos/as ás persoas que estean debidamente autorizadas. Cando algún alumno/a vaia ser recollido por unha persoa non autorizada previamente, a familia deberá comunicar por escrito esta circunstancia ao titor/a indicando o nome e DNI da persoa que o recolla. Só en casos moi excepcionais admitirase que esta comunicación realícese telefonicamente, e sempre que se poida constatar fidedignamente a identidade da persoa que realiza a chamada.
- b) É obrigatoria a asistencia a clase. Os pais/nais avisarán das ausencias dos seus fillos, a través do comunicado correspondente.
- c) Nos cambios de clases o alumnado non sairá da súa aula, esperando dentro ao profesor/a, excepto aquel alumnado que teñan permiso do profesor/a que nese momento estea na aula para ir ao servizo.
- d) Non está permitido traer ao Centro aparellos electrónicos (mp3, móbiles, videoconsolas, etc.) nin outros obxectos de valor. Se os alumnos/as os trouxeran, seranlles retirados, facéndose cargo dos mesmos o titor/a do curso e soamente devolveránselles aos seus país/nais ou titores/as unha vez que fosen previamente

informados do feito. O Centro non se responsabiliza das posibles perdas ou furtos dos devanditos aparellos.

e) O alumnado desprazarase camiñando, sen carreiras e sen berros, dentro da clase e polas dependencias do Centro.

f) Durante o recreo e o tempo de comedor, o alumnado non pode permanecer nas aulas, corredores e escaleiras. É responsabilidade de cada profesor/a asegurarse de que todo o alumnado do grupo abandonase a clase antes de saír el/ela. Poderán acudir á biblioteca permanecendo nela ata finalizar o recreo.

g) Se por causas meteorolóxicas extremas non é posible saír ao patio, o alumnado permanecerán nas aulas durante o recreo atendidos en todo momento polo profesorado de garda de recreo correspondente.

h) Cando por distintos motivos haxa que desprazarse polas instalacións do centro, farase de maneira ordenada e en silencio, respectando o traballo do resto de grupos.

i) Durante o recreo, o alumnado ocupará soamente as zonas reservadas para Educación Primaria, sen invadir os espazos destinados a outros grupos. Deberán tamén respectar as quendas establecidas para realizar actividades deportivas.

k) No tempo de recreo, así como noutros períodos de tempo que puidesen quedar libres, permitírase utilizar balóns, sempre con moita precaución para evitar causar dano ao resto de alumnos/as.

l) Todo o alumnado colaborará para que as dependencias do Centro (patio, baños, corredores, escaleiras, patio cuberto, aulas etc ) estean limpas, utilizando as papeleiras que teñen á súa disposición en todo momento.

m) Non se permite saír ao baño sen permiso do profesor/a.

n) O alumnado respectará e coidará as instalacións, mobiliario e material do Centro.

o) É necesario gardar respecto nos lugares que o requiran: biblioteca, aulas...

p) Está prohibido fumar ou consumir substancias perxudiciais para a saúde, así como bebidas alcohólicas en todas as dependencias e patios do Centro.

q) Os xoguetes autorizados que se traian para o seu uso no patio, como cromos ou pelotas de plástico, teranse na mochila ata a hora de saída ao patio.

r) Non se deixarán obxectos de valor nin diñeiro nas aulas. O centro non se responsabiliza das perdas ou posibles furtos.

s) Non se permite ás familias realizar fotografías nin videos dos alumnos/as dentro das aulas e/ou nas actividades complementarias.

## **8.2 Normas de orde persoal e hixiene**

a) Uniformidade do Centro

- O uso do uniforme escolar é obrigatorio. Esta norma foi aprobada polo Consello Escolar.

- O uniforme representa ao Centro. O seu uso evita distincións de tipo social ou ideolóxico. Levarase sempre con corrección, completo e limpo.
- O alumnado ten que vestir o uniforme completo.
- O uniforme debe axustarse ao modelo establecido polo Centro.
- O uniforme está composto por:
  - Uniformidade colexial
  - Uniformidade deportiva

As pezas que constitúen a uniformidade colexial e deportiva do Centro son as que se apuntan a continuación:

#### UNIFORMIDADE COLEXIAL (ALUMNOS/ ALUMNAS)

O uniforme escolar consta de:

- Chándal (modelo do Colexio)
- Polo blanco
- Xerse azul marino con anagrama (modelo do Colexio)
- Falda de cuadros plisada ou pantalón gris largo ou corto (modelo do Colexio)
- Mandilón modelo do Colexio (só para Educación Infantil e 1º e 2º EP)
- Zapato deportivo (co chándal)
- Zapato negro ou azul marino
- Calcetín ou medias azul marino
- Nas saídas complementarias o alumnado acudirá ao Centro coa uniformidade colexial completa. En caso contrario, o alumno/a non asistirá á saída complementaria permanecendo no Centro atendido por un profesor/a.
- É recomendable que todas as pezas deben ir marcadas co nome, apelidos e curso do alumno/a, en lugar visible e de maneira que non se borre (bordado, rotuladores indelebles, etc.).
- O Centro non se fai responsable das pezas extraviadas polo alumnado.

b) En determinadas actividades extraescolares ou momentos precisos en que se lles permita utilizar roupa de rúa, esta deberá ser adecuada á actividade que se realiza ou ás indicacións do seu profesor/a.

c) O alumnado manterá unha correcta hixiene persoal.

d) Non se pode comer nas aulas, con excepción dos primeiros cursos á hora da merenda, en xornadas especiais ou cando o tempo metereolóxico non permita saír ao exterior.

e) Utilizarán correctamente os lavabos, evitando tirar auga fóra e deixando os inodoros limpos despois do seu uso.



- f) Manterán limpo e ordenado o material e os utensilios propios.
- g) Cumprirán as normas de funcionamento e educación dentro do comedor escolar.
- h) Non se poderá cubrir a cabeza con gorras, panos, etc., salvo en actividades de exterior (dentro ou fóra do recinto escolar) cando se considere necesario por motivos de índole meteorolóxicos (frío ou calor) e con permiso dos responsables.

### 8.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos

- a) Os alumnos non deberán asistir ao Centro cando teñan febre ou algún síntoma de enfermidade.

En caso de asistir ao Centro con febre ou algún síntoma de enfermidade, chamarase aos pais/nais ou titores/as para que procedan a recollelo/a o máis axiña posible.

- b) Non acudirán ao Centro en caso de enfermidade contaxiosa de ningún tipo; en caso de asistir avisarase aos familiares para que o/a recollan con moita brevidade.

- c) Para aqueles alumnos/as que precisen un medicamento específico, os pais/nais ou representantes legais deixarán unha dose, que renovarán antes de a súa caducidade, depositada na aula.

d) O criterio xeral para a administración de calquera tipo de medicación debe ser responsabilidade da familia, sempre a partir da prescrición dun médico. É por iso que se roga ás familias fagan coincidir os momentos de administración de medicamentos fóra do horario escolar. No caso de que isto non sexa posible, só se poderá administrar medicación atendo ao seguinte procedemento:

- O pai e/ou a nai, ou o representante legal cumprimentará e asinará unha autorización que lles será facilitada polos titores/as.
- Non se administrará ningún medicamento sen prescrición médica.
- A autorización debe ir acompañada da receita médica, a dose e o horario.
- No medicamento deberá constar claramente o nome e apelido do alumno/a.
- Os medicamentos entregaranse en man por un adulto ao profesor/a ou de ser o caso a persoa responsable do servizo de madrugadores ao principio da xornada escolar. Nunca se entregarán vía alumno/a, mochila, etc.
- Os medicamentos non poden quedarse no Centro, fóra de casos concretos a pactar en tratamentos prolongados.
- Os medicamentos prescritos na autorización serán administrados por algún responsable que asine o Centro, preferiblemente o profesor titor/a.

O CPR Plurilingüe Valle Inclán 1, forma parte do programa de ALERTA ESCOLAR da Consellería de Sanidade.

### 8.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais

- a) Respetar a integridade física e moral das persoas que forman a Comunidade Educativa.

- b) Respecto e trato adecuado tanto aos seus compañeiros/as, como ao alumnado doutros cursos.
- c) Tolerancia cara á diversidade e a non discriminación.
- d) O alumnado mostrarase correcto no trato social, empregando unha linguaxe correcta e educada con calquera membro da Comunidade Educativa.
- e) Cumprir as indicacións do profesorado e doutros membros da Comunidade Educativa.

### **8.5 Normas referidas ao traballo**

- a) Manter unha actitude de silencio e atención en clase.
- b) Dirixirse ao profesorado e compañeiros/as nun ton adecuado, evitando expresións malsoantes.
- c) Respetar o silencio e o traballo dos compañeiros/as.
- d) Manter unha postura corporal adecuada.
- e) Traer en todo momento o material necesario para traballar.
- f) Realizar na casa as posibles tarefas que se lle piden e traelas para a súa corrección.
- g) Respetar e manter en bo estado o material persoal e o alleo.
- h) Ter en conta e aplicar as normas dadas para o bo ambiente de traballo.
- i) Manter unha actitude e un comportamento correcto nas actividades complementarias e extraescolares, tanto dentro como fóra do recinto escolar.
- k) As comunicacións co titor/a, do mesmo xeito que cos especialistas e o departamento de orientación, faranse preferentemente a través da plataforma Abalar.

**8.6 Condutas contrarias ás normas de convivencia en Ed. Primaria e a súa corrección.** Alteran a convivencia do Centro os membros da Comunidade Educativa que, por acción ou omisión, vulneran as normas de convivencia anteriormente descritas.

#### **8.6.1 TIPIFICACIÓN DAS FALTAS**

As faltas clasifícanse en condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. A tipificación das mesmas, así como as correspondentes sancións, son parte do NOF do Centro.

En saídas complementarias e extraescolares, a tipificación da falta será a mesma que se se producise dentro do Centro.

En caso necesario, o profesor/a ou o profesorado titor cumprimentará o Informe de Conduta Contraria á Convivencia e Medida Correctora, cunha copia aos pais/nais e outra a Xefatura de Estudos, para que quede constancia do feito e se tomen as medidas oportunas.

**A. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:**

1. Tirar ao chan papeis ou desperdicios.
2. Cambiarse do lugar asignado en clase polo profesor/a.
3. Incumprir o prazo para devolver documentación ou información entregada con acuse de recibo.
4. Non traer completo o uniforme, tanto de rúa como deportivo.
5. Non xustificar as faltas de asistencia no tempo e forma regulamentarios.
6. Sair da aula nos cambios de clase sen permiso do profesor/a cando non haxa que facer un cambio obrigado de dita aula.
7. Ter un comportamento inadecuado (correr, gritar, empuxar...) dentro do recinto escolar (corredores interiores e exteriores, escaleiras, comedor, etc.) tanto en horario lectivo como en actividades complementarias e extraescolares.
8. Utilizar o móbil, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico dentro do recinto escolar.
9. Mostrar actitudes ineducadas: (bocear ostensiblemente, estirarse, adoptar posturas incorrectas, mascar chicle, comer ou beber dentro da aula sen autorización etc. Sempre que non se considere conduta grave).
10. Non traer o material dunha materia dunha forma reiterada.
11. Non ter feitas as actividades das diferentes tarefas de forma reiterada.
12. Utilizar un vocabulario inapropiado ou ofensivo que non se considere conduta grave.
13. A impuntualidade na chegada a clase tanto nas horas iniciais como nas horas intermedias ou despois dos recreos, cando non haxa un motivo que o xustifique.
14. A falta de asistencia a clase que, a xuízo do profesor/a ou do titor/a, non estea xustificada.
15. Ocupar un espacio indebido (corredores, baños, escaleiras...).
16. Molestar en clase e dificultar o traballo de profesores/as e alumnos/as.
17. Os danos causados nas instalacións ou material do centro ou nos bens ou pertenzas dos membros da comunidade educativa que non se consideren conduta grave.
18. Lanzar obxectos pola xanela e ocos das escaleiras ou en calquera outro lugar do centro.
19. Falsificar a firma ou calquera outro dato nos documentos, cualificacións, etc. que se entregan ao alumno/a ou que él mesmo debe entregar ao Centro.
20. Non cumprir as orientacións do profesorado ou de calquera membro do persoal de Administración e Servizos, especialmente cando estas pretendan mellorar a convivencia ou a seguridade do centro.
21. Os actos de incorrección ou desconsideración (pelexas, insulto, incitar a cometer

faltas, exclusión, etc.) con compañeiros/as ou outros membros da comunidade escolar quenon se consideren conduta grave.

22. Dirixirse ao profesorado ou persoal do Centro dunha forma inadecuada ou irrespectuosa.

23. O incumprimento dunha sanción.

24. Calquera outra incorrección de igual gravidade que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar que non constitúa unha falta grave segundo o presente NOF.

#### B. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

2. Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, falta de respecto ou actitudes desafiante, cometidos cara a calquera membro da comunidade educativa.

3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

4. A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

5. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

6. As actuacións que constitúan acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

7. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.

8. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bienes doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.

9. O uso, a incitación ao mesmo ou a introdución no Centro de obxectos ou substancias prexudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa.

10. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

11. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, se

reputará indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que refírese o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, cando se lle require a iso polo profesorado.

12. A saída das dependencias do Centro sen a autorización adecuada e/ou sen utilizar o procedemento previsto na normativa.

13. Absentismo inxustificado sen coñecemento e autorización dos pais/nais ou titores/as legais.

14. O comportamento vandálico nas visitas pedagóxicas ou excursións.

15. A perturbación grave do normal desenvolvemento das actividades do Centro e, en xeral, calquera incumprimento grave das normas de convivencia.

16. A acumulación nun mesmo trimestre de tres ou máis faltas leves.

17. O incumprimento da medida correctora imposta pola comisión dunha falta grave.

18. Fumar, tomar bebidas alcólicas ou consumir calquera substancia perxudical para a saúde en aulas, corredores ou calquera outra dependencia do Centro.

#### 8.6.2 MEDIDAS CORRECTORAS

Establécese unha gradación nas medidas correctoras que segue a seguinte progresión:

a) Amoestación verbal

b) Amoestación verbal con aviso á familia por medio da plataforma ou por outro medio.

c) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

d) Parte de Incidencia. É un informe de conduta contraria á convivencia cometida e a súa medida correctora. Non conleva a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases nin a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro, pero si unha comunicación escrita á familia explicando o comportamento sancionado e con acuse de recibo. A acumulación de tres partes de incidencia poderá conlevar unha sanción (acumulación de faltas leves).

e) Realización de tarefas comunitarias (utilizaranse a modo de medida correctiva como consecuencia das faltas leves especificadas nas NOF). A temática das tarefas para desenvolver será en función da falta cometida polo alumno/a. Ademais, para a súa aplicación, haberá ao dispor de todo o profesorado, un documento que se cumprimentará e se enviará ás familias para que asinen e sexan coñecedoras da tarefa que levará a cabo o seu fillo ou filla.

#### TAREFAS COMUNITARIAS:

- Calquera tarefa que os profesores/as consideren adecuada segundo a falta cometida polo alumno/a.

f) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas para as condutas leves contrarias á convivencia e de entre dúas semanas e un mes (para as condutas gravemente

prexudiciais para a convivencia).

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos para as condutas leves contrarias á convivencia e de entre catro días lectivos e dúas semanas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos e de entre catro días lectivos e dúas semanas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

#### A. MEDIDAS CORRECTORAS PARA AS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

1. Tirar ao chan papeis ou desperdicios.

a. Amoestación verbal e recollida inmediata.

b. Tarefa comunitaria.

2. Cambiarse do lugar asignado en clase polo profesor.

a. Amoestación verbal.

b. Aviso á familia pola plataforma ou por correo electrónico.

c. Parte de incidencia.

3. Incumprir o prazo para devolver asinada a documentación ou información entregada con acuse de recibo.

a. Amoestación verbal e aviso á familia

4. Non traer completo o uniforme, tanto de rúa como deportivo.

a. Aviso á familia pola plataforma ou por correo electrónico.

5. Non xustificar as faltas de asistencia no tempo e forma regulamentarios.

a. Aviso á familia pola plataforma ou por correo electrónico.

6. Saír da aula nos cambios de clase sen permiso do profesor cando non haxa que facer un cambio de aula.

a. Amoestación verbal

b. Tarefa comunitaria.

c. Parte de incidencia.

7. Ter un comportamento inadecuado (correr, gritar, empuxar...) dentro do recinto escolar (corredores interiores e exteriores, escaleiras, comedor, etc.) tanto en horario

- a. Amoestación verbal
  - b. Tarefa comunitaria.
  - c. Parte de incidencia.
8. Utilizar o móbil, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico dentro do recinto escolar.
- a. Retirada inmediata do dispositivo e entrega en Xefatura de Estudos, onde recollerá o pai/nai ou titores legais despois de finalizar a xornada en que foi retirado.
  - b. Parte de incidencia.
9. Mostrar actitudes ineducadas: bocexar ostensiblemente, estirarse, adoptar posturas incorrectas, mascar chicle, comer ou beber dentro da aula sen permiso do profesorado...)
- a. Amoestación verbal
  - b. Parte de incidencia.
10. Non traer o material dunha materia dunha forma reiterada.
- a. Amoestación verbal
  - b. Aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.
  - c. Parte de incidencia.
11. Non ter feitas as actividades das diferentes tarefas de forma reiterada.
- a. Amoestación verbal
  - b. Aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.
  - c. Parte de incidencia.
12. Utilizar un vocabulario inapropiado ou ofensivo.
- a. Amoestación verbal
  - b. Aviso á familia.
  - c. Parte de incidencia.
13. A impuntualidade na chegada a clase tanto nas horas iniciais como nas horas intermedias ou despois dos recreos, cando non haxa un motivo grave que o xustifique.
- a. Nas entradas (non depende do alumno/a):
    - 1º e 2º vez aviso pola plataforma ou correo electrónico. Se é de forma reiterada, inicio do protocolo de absentismo escolar.
  - b. Impuntualidade intencionada (depende do alumno/a): 1.º vez amoestación verbal e 2.º vez aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico. Amoestación verbal e parte de incidencia.

14. A falta de asistencia a clase que, a xuízo do profesor/a ou do titor/a, non estea xustificada.
  - a. Aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.
  - b. En casos extremos, aplicar o protocolo de absentismo escolar.
15. Estar onde non deben (corredores, vestiarios, escaleiras...)
  - a. Amoestación verbal e aviso á familia.
  - b. Parte de incidencia.
16. Molestar en clase e dificultar o traballo de profesores/as e alumnos/as.
  - a. Amoestación verbal
  - b. Aviso á familia e tarefa comunitaria.
  - c. Parte de incidencia.
17. Os danos causados nas instalacións ou material do centro ou nos bens ou pertenzas dos membros da comunidade educativa.
  - a. Aviso á familia, parte de incidencia e reparación do dano causado (se non fose posible, facerse cargo do custo económico do ben ou da súa reparación).
18. Lanzar obxectos.
  - a. Amoestación verbal.
  - b. Aviso á familia e traballo comunitario.
  - c. Parte de incidencia.
19. Falsificar a firma ou calquera outro dato nos documentos, cualificacións, etc. que se entregan ao alumno/a ou que el mesmo debe entregar ao Centro.
  - a. Amoestación verbal e aviso á familia.
  - b. Traballo comunitario.
  - c. Parte de incidencia.
20. Non cumprir as orientacións do profesorado ou de calquera membro do persoal de Administración e Servizos, especialmente cando estas pretendan garantir a mellora da convivencia ou a seguridade do centro.
  - a. Amoestación verbal e traballo comunitario.
  - b. Parte de incidencia.
21. Os actos de incorrección ou desconsideración (pelexas, insulto, incitar a cometer faltas, exclusión, etc.) con compañeiros/as ou outros membros da comunidade escolar.
  - a. Amoestación verbal, traballo comunitario e aviso á familia.
  - b. Parte de incidencia.



22. Dirixirse ao profesorado ou persoal do Centro dunha forma inadecuada ou irrespectuosa.

- a. Amoestación verbal, traballo comunitario e aviso á familia.
- b. Parte de incidencia.

23. O incumprimento dunha sanción.

- a. Amoestación, dobre sanción e información á familia.
- b. Parte de incidencia.

24. Calquera outra incorrección de igual gravidade que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar que non constituía unha falta moi grave segundo o presente NOF.

- a. Amoestación verbal e información á familia.
- b. Parte de incidencia.

## B. MEDIDAS CORRECTORAS PARA AS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Corrixiranse de acordo coas medidas correctoras recollidas para este tipo de condutas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

### **9.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

#### **9.1 Normas de organización e funcionamento**

a) É necesario, para o bo funcionamento do Centro e un proceso adecuado de aprendizaxe, que todo o alumnado acuda a este con puntualidade e de forma regular.

O alumnado debe:

- Asistir a todas as clases e xustificar as súas faltas de asistencia segundo o procedemento establecido polo Centro.
- Ser puntuais en todos os actos programados polo Centro nos que deban participar.

Así mesmo, esíxese máxima puntualidade na entrada a todas as clases, e de forma moi particular á primeira hora. As portas do Centro abríranse ás 8:40 horas e ás 16:25 horas as tardes dos martes; as clases iníciaranse ás 8:45 horas e ás 16:30 horas. Aos alumnos/as que cheguen con atraso aplicaráselles o procedemento recollido neste NOF.

b) Nos intercambios de clase e en desdóbre o alumnado debe esperar ao profesor/a na aula (non nos corredores).

c) O alumnado debe manter unha actitude correcta dentro do recinto escolar. Nas súas instalacións ou dependencias, os alumnos/as non poden utilizar, usar ou portar sobre a cabeza gorras, viseiras, chapeus, panos, carapuchas ou similares, nin tampouco pezas que impidan a súa identificación, excepto por prescrición médica debidamente acreditada.

d) Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, smartwatches ou calquera outro dispositivo electrónico nin tampouco obxectos que poidan distraer ao propio alumno/a, aos seus compañeiros/as ou interromper ao profesor/a.

O profesorado retirará ata a finalización da xornada escolar os obxectos, aparellos ou dispositivos antes mencionados. O profesor/a solicitará ao alumno/a que apague o móbil ou dispositivo electrónico, antes de que llo entregu. Unha vez apagado, será depositado en Xefatura de Estudos, onde poderán recollelo os seus país/nais ou representantes legais ao finalizar a xornada lectiva.

e) O alumnado non pode permanecer sen motivo algún en corredores, patios, ou outras dependencias do Centro durante as horas de clase, nin en calquera outro lugar non autorizado para tal fin ou destinado a outras actividades, durante as horas de recreo. Entre clases, só poderán saír da aula, con permiso dun profesor, os alumnos/as que necesiten ir ao servizo ou que deban recibir a seguinte clase noutro lugar do Centro. O resto de alumnos/as permanecerá na aula.

f) O alumnado desprazaranse polo Centro de maneira ordenada e sen berros, respectando o traballo do resto dos grupos.

g) Durante o recreo e o tempo de comedor, os alumnos/as non poden permanecer nas aulas, corredores nin escaleiras. É responsabilidade de cada profesor/a asegurarse de que todos os alumnos/as abandonasen a clase.

h) Todos deberán colaborar a que as dependencias do Centro (patio, baños e aulas estean limpas), utilizando en todo momento as papeleiras que teñen á súa disposición.

i) Non se deixarán obxectos de valor nin diñeiro nas aulas. O centro non se responsabiliza das perdas ou posibles furtos.

k) Non se permite realizar fotografías nin videos dos alumnos/as nin do profesorado dentro das dependencias do Centro, no transporte escolar ou nas actividades e visitas complementarias e extraescolares, excepto nos actos nos que se conte con autorización previa.

l) O alumnado non pode manipular ou utilizar de forma inadecuada calquera dos medios materiais con que conta o Centro en materia de seguridade e prevención.

m) O alumnado debe permanecer nos períodos de recreo nos patios asignados para ese efecto.

n) O alumnado non poden saír do Centro ata a finalización da súa xornada escolar, excepto nos casos contemplados neste NOF. Para iso terán que entregar o documento Comunicación Centro-País/nais debidamente cumprimentado.

## **9.2 Normas de orde persoal e hixiene**

a) Non está permitido pintar nas mesas e paredes nin ensuciar a aula nin as estancias do resto do Centro.

b) Manter unha correcta hixiene persoal.

- c) Utilizar correctamente os lavabos, evitando tirar auga fóra e deixando os inodoros limpos despois do seu uso.
- d) Cumprir coas normas de funcionamento e educación dentro do comedor escolar.
- e) Non se poderá cubrir a cabeza con gorras, panos, etc., salvo en actividades de exterior (dentro ou fóra do recinto escolar) cando se considere necesario por motivos de índole meteorolóxicos (frío ou calor) e con permiso dos responsables.

### **9.3 Normas referidas a casos de enfermidade e/ou administración de medicamentos**

- a) O alumnado non deberá asistir ao Centro cando teñan febre ou algún síntoma de enfermidade.
- b) Non acudirán ao Centro en caso de enfermidade contaxiosa de ningún tipo; en caso de asistir avisarase aos familiares para que o/a recollan con moita brevidade. Deben permanecer na casa 24 horas, despois de ter febre.
- c) Para aqueles alumnos/as que precisen un medicamento específico, os pais/nais ou representantes legais deixarán unha dose, que renovarán antes da súa caducidade, depositada na clase.
- d) O criterio xeral para a administración de calquera tipo de medicación debe ser responsabilidade da familia, sempre a partir da prescrición dun médico. É por iso polo que se roga ás familias fagan coincidir os momentos de administración de medicamentos fóra do horario escolar.

O CPR Plurilingüe Valle Inclán 1, forma parte do programa de ALERTA ESCOLAR da Consellería de Sanidade.

### **9.4 Normas referidas ás relacións e ao trato cos demais**

- a) O respecto aos demais é a norma fundamental do Centro, no comportamento, na forma de expresarse, na tolerancia para cos demais e na aceptación das normas.
- b) Non está permitido realizar actos que molesten aos demais nin que perxudiquen ou alteren o normal desenvolvemento das clases.

Non está permitido dentro da aula:

- Falar/cuchichear cos compañeiros.
- Facer ruídos estraños ou distorsionadores.
- Beber, comer, (salvo de forma ocasional) mastigar chicle...
- Tirar papeis ou outros obxectos ao chan ou aos compañeiros/as.
- Cambiarse do lugar asignado polo Profesor.
- Abrir as xanelas sen que haxa un profesor na aula.
- Levantarse sen permiso.
- Correr pola aula.

- Tirar ou lanzar o material de traballo aos compañeiros/as.
- Estar a traballar unha materia diferente á que corresponda a esa hora.
- Traer animais ao Centro.
- Saír da aula sen permiso.
- Calquera outra acción, non enumerada anteriormente, que poida ser entendida como perturbación, por mal comportamento, do normal desenvolvemento das clases.

c) En calquera lugar ou dependencia do Centro e en calquera actividade organizada polo mesmo, os alumnado respectará ao profesorado e a autoridade destes, respectarán a todas as persoas que traballan ou se atopan no Centro ou nas súas proximidades ou na contorna en que se realiza a actividade, respectaranse entre eles mesmos e respectarán o mobiliario e as instalacións do Centro ou do lugar en que se atopen por participar nunha actividade.

d) O alumnado terán en todo momento un trato correcto cos compañeiros/as.

e) Respectarase a integridade física e moral das persoas que forman a Comunidade Educativa.

f) O alumnado deberán ter en todo momento un trato respectuoso e adecuado tanto aos seus compañeiros, como ao alumnado doutros cursos.

g) Tolerancia cara á diversidade e a non discriminación deberán rexer todos os comportamentos.

h) O alumnado mostrarase correcto no trato social, empregando unha linguaxe correcta e educada con calquera membro da Comunidade Educativa.

i) Cumpriranse sempre as indicacións do profesorado e doutros membros da Comunidade Educativa.

### **9.5 Normas referidas ao traballo**

a) É convinte pedir permiso para falar en clase (levantando a man), para garantir unha orde de intervención.

b) Cando o profesor explique, o alumno/a debe prestar a máxima atención.

c) Hai diferentes ritmos de traballo. Os alumnos/as que terminen primeiro deben respectar, en silencio, o traballo e a concentración dos demais.

d) Os Profesores/as non deben deixar saír da aula aos alumnos/as ata a finalización da clase, excepto por causas xustificadas. En todo caso, non está permitido deixar saír da aula aos alumnos/as que terminan un exame antes da finalización da hora.

e) Para que se leve a cabo correctamente o proceso de ensino e aprendizaxe é imprescindible atender só ao que se está tratando na materia (o contido da clase, dúbidas, exercicios...).

f) O alumnado realizará na casa as tarefas que se lles pidan e deberán traelas para a súa

corrección no tempo establecido.

- g) O material escolar é unha ferramenta de traballo, os alumnos/as teñen o deber de traelo todos os días, de coidalo con esmero e de presentalo aos profesores sempre que o soliciten.
- h) O profesor/a ten a responsabilidade da organización da clase. Sempre se debe respectar a súa autoridade.
- i) A biblioteca ou outros espazos destinados ao estudo son uns lugares nos que se respeterán as mesmas normas de convivencia.
- j) En todo momento manterase unha actitude de silencio e atención en clase.
- k) Dirixirse ao profesor/a e compañeiros/as nun ton adecuado, evitando expresións malsoantes.
- l) Respectar o silencio e o traballo dos compañeiros/as.
- m) Manter unha postura corporal adecuada.
- n) Respectar e manter en bo estado o material persoal e o alleo.
- o) Non se permite copiar nin plaxiar traballos a través de calquera medio.
- p) Nas actividades complementarias e extraescolares, así como no comedor do Centro, manter unha actitude e un comportamento correcto.
- q) As comunicacións co titor/a, do mesmo xeito que cos especialistas e o departamento de orientación, faranse preferentemente a través a plataforma dixital .
- r) As comunicacións ou citas, previa solicitude, con Xefatura de Estudos e Dirección Técnica faranse directamente na Administración do Centro.

9.6 Condutas contrarias ás normas de convivencia en ESO e a súa corrección.

Alteran a convivencia do Centro os membros da Comunidade Educativa que, por acción ou omisión, vulneran as normas de convivencia anteriormente descritas.

#### 9.6.1 TIPIFICACIÓN DAS FALTAS

As condutas contrarias ás normas de convivencia, poderán considerarse condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Consideraranse condutas contrarias ás normas de convivencia de carácter leve aquelas que alteren levemente o funcionamento normal do Centro.

#### 9.6.2 MEDIDAS CORRECTORAS

Establécese unha gradación nas medidas correctoras que segue a seguinte progresión:

- a) Amoestación verbal
- b) Amoestación verbal con aviso á familia por medio da plataforma ou por outro medio.
- c) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

d) Parte de Incidencia. É un informe de conduta contraria á convivencia e a súa medida correctora. Non conleva a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases nin a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro, pero si unha comunicación escrita á familia explicando o comportamento sancionado e con acuse de recibo. A acumulación de tres partes de incidencia conlevan a posible aplicación dunha sanción. (acumulación de faltas leves)

e) Realización de traballos específicos en horario lectivo. A tarefa asignada será comunicada á familia a través da plataforma dixital ou do correo electrónico.

f) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. A tarefa asignada será comunicada á familia a través da plataforma dixital ou do correo electrónico.

g) Cambio de grupo. (de non aplicación no CPR Plurilingüe Valle Inclán 1)

h) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas para as condutas leves contrarias á convivencia e de entre dúas semanas e un mes (para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia).

i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos para as condutas leves contrarias á convivencia e de entre catro días lectivos e dúas semanas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado haberá de realizar as tarefas ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

j) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos e de entre catro días lectivos e dúas semanas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá realizar as tarefas ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### 9.6.3 CONCRECIÓN DAS FALTAS E MEDIADAS CORRECTORAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA FALTA E MEDIDA CORRECTORAS

1. Tirar ao chan papeis ou desperdicios.

a. Amoestación verbal e recollida inmediata.

b. Tarefa se é algo reiterado, (sendo responsables de que a aula quede ordenada e limpa).

2. Cambiarse do lugar asignado en clase polo profesor/a.

a. Amoestación verbal

b. Aviso á familia pola plataforma ou por correo electrónico.

c. Parte de incidencia.

3. Incumprir o prazo para devolver asinados ou os recibín da documentación ou

información entregada con acusede recibo.

a. Amoestación verbal e aviso á familia

4. Saír da aula nos cambios de clase sen permiso do profesor/a cando non haxa que facer un cambio de aula.

a. Amoestación verbal

b. Parte de incidencia.

5. Ter un comportamento inadecuado (correr, gritar, empuxar...) dentro do recinto escolar (corredores interiores e exteriores, escaleiras, comedor, etc.) tanto en horario lectivo como en actividades complementarias e extraescolares.

a. Amoestación verbal

b. Parte de incidencia.

c. En caso de ser nunha saída complementaria, dependendo da gravidade do comportamento, poderase adoptar como medida correctora a suspensión do dereito para participar noutras actividades complementarias.

6. Utilizar o móbil, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico dentro do recinto escolar.

a. Retirada inmediata do dispositivo, solicitando ao alumno/a que o apague antes de entregalo. Custodia do dispositivo na Xefatura de Estudos, onde o recollerá o pai/nai ou titores legais despois de finalizar a xornada en que foi retirado.

b. Parte de incidencia.

9. Mostrar actitudes ineducadas: bocexar ostensiblemente, estirarse, adoptar posturas incorrectas, mascar chicle, comer ou beber dentro da aula sen permiso do profesorado...)

a. Amoestación verbal

b. Parte de incidencia.

10. Estar onde non deben (corredores, vestiarios, escaleiras...)

a. Amoestación verbal e aviso á familia.

b. Parte de incidencia.

11. Non traer o material dunha materia dunha forma reiterada.

a. Amoestación

b. Aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.

c. Parte de incidencia.

12. Utilizar un vocabulario inapropiado ou ofensivo.

a. Amoestación verbal

b. Aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.

c. Parte de incidencia.

13. A impuntualidade na chegada a clase tanto nas horas iniciais como nas horas intermedias ou despois dos recreos, cando non haxa un motivo grave que o xustifique.

a. 1ª e 2ª vez: amoestación verbal. Si se reitera, parte de incidencia.

14. A falta de asistencia a clase que, a xuízo do profesor/a ou do titor/a, non estea xustificada.

a. Amoestación verbal e aviso á familia pola plataforma ou correo electrónico.

15. A ocultación ou terxiversación de datos persoais ou familiares relevantes (direccións, teléfonos...).

a. Parte de incidencia.

16. Molestar en clase e dificultar o traballo de profesores/as e alumnos/as.

a. Amoestación verbal

b. Aviso á familia.

c. Parte de incidencia.

17. Os danos causados nas instalacións ou material do centro ou nos bens ou pertenzas dos membros da comunidade educativa.

a. Aviso á familia, parte de incidencia e reparación do dano causado (se non fose posible, facerse cargo do custo económico do ben ou da súa reparación).

18. Non cumprir as orientacións do profesorado ou de calquera membro do persoal de Administración e Servizos, especialmente cando estas pretendan garantir a mellora da convivencia ou a seguridade do centro.

a. Parte de incidencia.

20. Os actos de incorrección ou desconsideración con compañeiros/as ou outros membros da comunidade escolar.

a. Parte de incidencia.

21. Non comparecer ante a xefatura de estudos cando os profesores adoptasen esa decisión despois dunha infracción.

a. Parte de incidencia.

22. O incumprimento dunha sanción.

a. Parte de incidencia.

23. Calquera outra incorrección de igual gravidade que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar que non constituía unha falta moi grave segundo o presente NOF.



a. Parte de incidencia.

#### CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA, FALTA E MEDIDA CORRECTORA

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Reparación do dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado e suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

Se a gravidade fóra extrema, cambio de Centro.

2. Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, falta de respecto ou actitudes desafiantes, cometidos cara a calquera membro da comunidade educativa.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Se a gravidade fóra extrema, cambio de Centro.

3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

4. A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Se a gravidade fóra extrema, cambio de Centro.

5. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Se a gravidade fóra extrema, cambio de Centro.

6. As actuacións que constitúan acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño. Seguir o establecido no protocolo acoso escolar.

7. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

